

## Dous poemas por Estrela Lucense

### O MEU MUNDO INFINDO

Fixéchesme sorrir  
sen decatarte  
de que os sorrisos  
igual que as miradas  
tamén matan.

Podería acostumarme  
a ollar para o teu rostro  
toda a miña vida se tan só  
me deras a oportunidade  
de facelo así e contentarme.

Fixéchesme sorrir  
sen decatarte  
de que os sorrisos  
igual que as miradas  
tamén matan.

A túa mirada era pícara  
e facía que no meu interior  
se acendese un mundo infindo  
de sentimentos e pensamentos  
que xamais pensara que existían.

Fixéchesme sorrir  
sen decatarte  
de que os sorrisos  
igual que as miradas  
tamén matan.

### XA É TARDE

Dinche unha man,  
pilláchesme o brazo.  
Sorrinche ledamente,  
miráchesme con desagrado.

Ollei para ti,  
ollaches para ela.  
Faleiche agarimosamente,  
faláchesme con teima.

Agora avergónhaste do sucedido,  
mais nada fixeches para remedialo.  
Preferiches ir ó fácil  
sabendo que iso era o malo.

